



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, E COMPLEMENTARIAMENTE PARA AS SÚAS FILLAS E FILLOS MENORES E OUTRAS PERSOAS DO SEU ENTORNO FAMILIAR QUE VIVAN OU PADEZAN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, E ATENCIÓN PSICOLÓXICA A HOMES CON PROBLEMAS DE CONTROL DE VIOLENCIA NO ÁMBITO FAMILIAR.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2016

REUNIDAS

Dunha banda:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por D. Alfonso Rueda Valenzuela, en virtude do Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica consellerías da Xunta de Galicia, do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polos Decretos 229/2012 e 230/2012, do 2 de Decembro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (CIF Q1500265B) representado por D^a. M^a Rosa Álvarez Prada, nomeada decana da súa xunta de goberno tal e como se reflicte na acta da comisión electoral do día 15 de maio de 2010, actúa en representación deste, segundo dispón o artigo 31 dos seus Estatutos.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

MANIFESTAN

PRIMEIRO.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

SEGUNDO.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

TERCEIRO

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

CUARTO.

Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 DE 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a “necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres”. Ditas accións inscribíense no marco do seguimento da Plataforma de Pekín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión “xénero” en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

QUINTO

Que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten entre os seus fins fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade; así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola administración pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins.

SEXTO.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuito, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para:

- a) O financiamento do programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.
- b) O financiamento dun programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa que se denominará xenericamente: “Abramos o Círculo”.

SEGUNDA.- PROGRAMAS.

Os programas de atención psicolóxica establecidos no presente convenio rexeranse polo regulamento e protocolo de funcionamento que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia teña establecido, en materia de violencia de xénero.

TERCEIRA.- CONTIDO

1. Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está a desenvolver na actualidade un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a mulleres, menores e persoas do seu entorno familiar ás que se refire o parágrafo anterior.

O citado programa, no que colaborará a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, conta cunha psicóloga, designada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que leva a cabo a coordinación do programa, e cunha rede de profesionais acreditadas/os, que levan a cabo a intervención profesional do programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia sendo incompatible para a realización desta actividade, estar contratada/o para realizar a mesma función ou semellante, por algún organismo oficial ou por un centro, oficina ou un punto de información ás mulleres acreditado pola Xunta de Galicia.

O programa atenderá a todas as mulleres, menores e persoas do seu entorno familiar delas que o precisen, incluída a que se derive dende o Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no edificio habilitado a tal fin, en virtude da concesión demanial efectuada polo concello de Santiago de Compostela a favor da Xunta de Galicia, nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o



tratamento integral da violencia de xénero, optimizando a coordinación dos servizos e programas que a Xunta de Galicia pon a disposición das vítimas.

Así mesmo, o programa procurará garantir a atención psicolóxica especializada ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Como criterio xeral, establecen en 10 o número máximo de sesións terapéuticas por cada muller usuaria do programa e en 5 por cada menor ou persoa do seu entorno familiar. De ser necesario ampliárase o número de sesións logo dunha valoración individual de cada caso, que se levará a cabo na comisión de seguimento do convenio.

Contémplase a asistencia en xuízos dos/das profesionais acreditados/as, cando así o requira o/a xuíz encargado/a do caso. Así mesmo contémplase a intervención nos diferentes escenarios de emerxencia en situacións de asasinato por violencia de xénero a través do protocolo conxunto co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo".

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia está a desenvolver na actualidade un programa de atención psicolóxica especializada coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no ámbito familiar.

O programa, denominado "Abramos o Círculo", no que colaborará a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, conta cun psicólogo, designado polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia, que leva a cabo a coordinación do programa, e cunha rede de profesionais acreditadas/os, que levan a cabo a intervención profesional do programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia sendo incompatible para a realización desta actividade, estar contratada/o para realizar a mesma función ou semellante, por algún organismo oficial ou por un centro, oficina ou un punto de información ás mulleres acreditado pola Xunta de Galicia.

Así mesmo, o programa procurará garantir a atención psicolóxica especializada ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Como criterio xeral, establecerase en 10 o número máximo de sesións terapéuticas por cada usuario do programa. De ser necesario ampliárase o número de sesións logo dunha valoración individual de cada caso, que se levará a cabo na comisión de seguimento do convenio.

Contémplase a asistencia en xuízos dos/das profesionais acreditados/as, cando así o requira o/a xuíz encargado/a do caso.

CUARTA.- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará ao Colexio Oficial de Psicología de Galicia a cantidade de 154.600 € (cento cincuenta e catro mil



seiscentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 de acordo coa seguinte distribución:

1. Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

Cobertura da asistencia das consultas a realizar: 50 euros/sesión,

Cobertura da asistencia domiciliaria urxente en caso de morte por violencia de xénero:

- Para intervencións de 0 a 4 horas: 116 euros brutos
- Para intervencións de 4 a 6 horas: 146 euros brutos
- Para intervencións de 6 a 8 horas: 203 euros brutos

Asistencia oral en xuízo: 150 euros/xuízo.

A suma das contías de cobertura da asistencia das consultas, asistencia domiciliaria urxente e asistencia oral en xuízo terá como límite o tope máximo de 106.500 euros.

Outros gastos (dietas, desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): 6.000 euros. Os gastos de desprazamento aboaranse a 0,19 euros o quilómetro, e os gastos de autoestrada, de ser o caso, achegando os xustificantes correspondentes.

Coordinación do programa (1 coordinador/a): 7.500 euros.

Total gastos: 120.000 euros

2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo".

Cobertura da asistencia das consultas a realizar: 50 euros/sesión,

Asistencia oral en xuízo: 150 euros/xuízo.

A suma das contías de cobertura da asistencia das consultas e asistencia oral en xuízo: terá como límite o tope máximo de 23.000 euros.

Outros gastos (desprazamentos, material funxible, telefonía móbil, bibliográfica, gastos administrativos, formación): 4.100 euros.

Coordinación do programa (1 coordinador/a): 7.500 euros.

Total gastos: 34.600 euros

QUINTA.- FORMACIÓN

As psicólogas e psicólogos dos programas recollidos neste convenio, deberán de cursar as actividades de formación continua que a este respecto se establezan.



De estimarse oportuno, se incorporarán as e os profesionais dos centros, oficinas e puntos de información ás mulleres así como outros/as profesionais que estean colaborando coa Secretaría Xeral da Igualdade no tratamento da violencia contra as mulleres sen que a súa participación implique a posibilidade de participar no Programa que se desenvolve no presente Convenio mentres desenvolvan algunha das funcións ou actividades sinaladas.

Con este fin a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborarán conxuntamente os programas formativos mínimos aos que se deberán axustar todos os cursos de especialización que se celebren.

Para o ano 2016 deberase celebrar como mínimo, unha xornada formativa para cada un dos programas, cuxo importe se poderá imputar ao presente convenio.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.



- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 16 de novembro de 2015 e o 15 de novembro de 2016, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 18 de novembro de 2016. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

SÉTIMA- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento dos programas de atención psicolóxica establecidos neste convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a seguinte información relativa a cada un dos programas:

1. Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero.

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información, desagregando os datos, de ser o caso, por número de mulleres, número de menores e número de persoas do seu entorno familiar:

- Nº de solicitudes de incorporación ao programa no trimestre
- Nº de casos admitidos
- Nº de persoas que inician a intervención
- Nº de mulleres con denuncia
- Nº de mulleres con orde de protección
- Localidades e provincias de procedencia dos casos
- Nº de persoas atendidas
- Nº de persoas atendidas que sufran algunha discapacidade
- Nº de persoas inmigrantes atendidas
- Nº de asistencia realizadas no trimestre
- Nº de altas dadas
- Nº de abandonos
- Nº de derivacións a outros dispositivos (especificando os dispositivos aos que se derivan)
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e nº de expedientes que atenderon durante o trimestre.

- Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo.

b) Rematada a vixencia do convenio, e antes do 31 de xaneiro de 2017, achegarán unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento, con indicación do número de persoas atendidas, desagregando o número de mulleres así como o de menores e outras persoas do seu entorno familiar, número total de asistencia realizadas por persoa atendida durante a vixencia do convenio e, calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

Acompañando á memoria final, remitirase un arquivo electrónico no que figuren os datos de todas as persoas usuarias do programa, segundo o formato consensuado entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos de poder realizar as actuacións necesarias que faciliten e melloren a súa atención integral. Os datos de carácter persoal das persoas usuarias incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal da Secretaría Xeral da Igualdade denominado “Violencia de xénero”. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer perante a Secretaría Xeral da Igualdade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a igualdade@xunta.es.

2. Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar: "Abramos o Círculo".

a) Con carácter trimestral, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, remitiranlle a seguinte información:

- Nº de solicitudes de incorporación ao programa no trimestre
- Nº de casos admitidos
- Nº de homes que inician a intervención
- Localidades e provincias de procedencia dos casos
- Nº de homes atendidos
- Nº de homes atendidos que sufran algunha discapacidade
- Nº de homes inmigrantes atendidos
- Nº de asistencia realizadas no trimestre
- Nº de altas dadas
- Nº de abandonos
- Nº de derivacións a outros dispositivos (especificando os dispositivos aos que se derivan)
- Nome das/dos terapeutas que efectuaron os tratamentos, indicando para cada un deles/delas a localidade, provincia e nº de expedientes que atenderon durante o trimestre



- calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo

b) Rematada a vixencia do convenio, e antes do 31 de xaneiro de 2017, achegarán unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do seu funcionamento, un resumo anual con todos os datos acadados durante a vixencia do convenio nos mesmos termos que os datos trimestrais, e calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na prestación do servizo. Ademais de incluír as conclusións e os criterios de actuación para vindeiros exercicios.

OITAVA.- OBRIGAS

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a denominación dos programas.

b) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de asesoramento e derivación e a mensaxe telefónica do contestadores automáticos e a información en páxinas web.

d) No momento da sinatura do presente convenio de colaboración, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá facilitar unha relación co nome e apelidos, localidade e provincia das/dos terapeutas que interveñen en cada un dos programas. No caso de que durante o período de vixencia do convenio se produciran baixas ou altas de terapeutas dos programas estas serán comunicadas inmediatamente á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Así mesmo o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comunicará no prazo de 10 días dende a sinatura do convenio quen é o/a coordinador/a de cada un dos programas recollidos neste convenio.

e) O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

NOVENA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queda obrigado a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias dos programas do presente convenio, tanto dos contidos en ficheiros automatizados como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa que a desenvolva.

Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xanerio, de Transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

DÉCIMO TERCEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia, organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma e as



persoas ou profesionais dependentes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO CUARTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E REVOGACIÓN

Serán causa de resolución do presente convenio as recollidas Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte, procederáse á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despuexese.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase proceder de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: A Decana do Colexio ou persoa que dispoña para que a substitúa.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
P.D. (Orde do 14 de maio de 2013)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA
DE GALICIA

Susana López Abella

M^a Rosa Álvarez Prada